

**8.- Procedencia y procedimiento de recollida de datos.**

- Procedencia dos datos:** o propio interesado ou o seu representante legal.
- Procedemento de recollida:** Enquisas ou entrevistas, formularios ou cupóns.
- Soporte utilizado para la obtención:** soporte papel.

**9.- Cesión ou comunicación de datos:**

Non se prevén cesións.

**10.- Transferencias internacionais previstas a terceiros países:**

Non se realizan ou non están previstos tratamentos de datos fóra do territorio do Espazo Económico Europeo.

Monforte de Lemos, 8 de febreiro de 2016.- O Alcalde, José Tomé Roca

R. 0365

---

*Anuncio*

O Alcalde mediante resolución de Alcaldía de 11 de febreiro de 2016, Resolveu aprobar as Bases referente á convocatoria **PARA A SELECCIÓN URXENTE DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A COBERTURA MEDIANTE CONTRATO DE INTERINIDADE DO POSTO DE TRABALLADOR/A SOCIAL- COORDINADOR/A DOS SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS DURANTE AS VACANTES TEMPORAIS QUE SE POIDAN DAR DE DITA PRAZA**

As Bases estarán a disposición do/a/s interesado/a/s na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios do Concello.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais a contar dende o seguinte ó da publicación deste anuncio no “Boletín Oficial da Provincia”.

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases faranse públicos no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web ([www.concellodemonforte.com](http://www.concellodemonforte.com)).

Monforte de Lemos, a 11 de Febreiro de 2016.- O ALCALDE, José Tomé Roca

R. 0392

---

**SARRIA**

*Anuncio*

**Exposición pública do Padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento e depuración de augas residuais; recollida de lixo do Concello de Sarria.**

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento -depuración; o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga e recollida de lixo, correspondente ao **cuarto trimestre de 2015**, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Peregrino nº 31 Portal 1 Baixo; en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres.